

## **ACTA DA REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO ASESOR DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE AMES CELEBRADA O DÍA 13 DE SETEMBRO DE 2017 ÁS 20:30 HORAS.**

Sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos (20:45) do día 13 de setembro de 2017, reúnese no salón de plenos da Casa consistorial, os representantes que foron elixidos para formar parte do Consello Asesor de Comunicación como órgano asesor do Pleno do Concello en materia de comunicación, coa asistencia das persoas que de seguido se indican:

**M<sup>a</sup> Isabel Vaquero Quintela**, presidenta do Consello asesor de comunicación do Concello de Ames.

**Oliva Agra Costoya**, en representación do grupo municipal PP.

**Pilar Candocia Pita**, en representación do grupo municipal I.C. - Ames Novo.

**Francisco Javier García Guldrís**, en representación do grupo municipal Contigo Pódese.

**Javier Carnota López**, en representación do Colexio de Xornalistas de Galicia.

**Xoan Xosé Hidalgo Neira**, en representación das asociacións deportivas do Concello de Ames.

**M<sup>a</sup> Nazaret López Rodríguez**, en representación de técnica de Ames Radio.

**José M. Cabo Nodar**, funcionario do departamento de Secretaría do Concello, que actúa como secretario da Comisión.

### **Punto primeiro.- Constitución do Consello Asesor de Comunicación.**

Comeza a reunión tomando a palabra a presidenta do Consello, **M<sup>a</sup> Isabel Vaquero Quintela** para dar conta aos presentes, que tal e como figura no Regulamento de organización e funcionamento da emisora municipal, a composición do Consello Asesor de Comunicación está formado por 15 membros.

Coa asistencia destas oito persoas cumpre a necesidade de que estean presentes a terceira parte dos membros para que se poida celebrar a reunión e que polo tanto a Comisión queda validamente constituída.

Unha vez feita a presentación a presidenta, propón alterar a orde do día, e tratar o punto terceiro antes que o punto segundo.

### **Punto terceiro.- Aprobación, de ser o caso, das propostas de programas de colaboración para a radio.**

A presidenta, cede a palabra a técnica de Ames Radio, **M<sup>a</sup> Nazaret López Rodríguez** para expoñer as propostas presentadas. Repartense entre os asistentes o informe técnico de avaliación de proxectos radiofónicos, onde se relacionan as propostas presentadas á convocatoria "Proxectos de Radio Outubro-Decembro 2017", comenta que son un total de 13 propostas, facendo unha breve explicación de cada unha delas, e que ao final van quedar en 12 xa que unha non se vai poder levar a cabo.

Unha vez expostas as propostas, sométese a votación quedando aprobado por unanimidade dos membros presentes.

### **Punto segundo.- Información sobre actuacións en relación coa radio municipal.**

Toma a palabra a **presidenta**, sobre as actuacións en Ames Radio (2015-2017), despois de repartir documentación entre os asistentes, fai unha exposición das actuacións levadas a cabo na radio no período 2015-2017.

Unha vez rematada a exposición por parte da presidenta, toma a palabra **Javier Carnota López**, para dar a súa opinión sobre distintos aspectos do funcionamento, como a contratación da publicidade, a contratación dun técnico-especialista que axudaría a solucionar diversos aspectos técnicos, informáticos,..., tamén comenta que se informará no Colexio de Xornalistas sobre o problema con AGEDI.

Non habendo mais asuntos de que tratar, a presidenta do Consello Asesor de Comunicación levantou a sesión sendo as vinte e unha horas e corenta minutos do día de referencia, de todo o que eu como secretario do Consello certifico.